



## **ORDENANZA Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE.**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

De conformidade co previsto na Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por subministración de auga potable, que se rexerá pola presente ordenanza.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

1.- Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire a Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas, pola prestación dos servizos de subministración de auga que constitúen o feito imponible da taxa.

2.- Cando as subministracións ou servizos regulados nesta ordenanza sexan solicitados ou recibidos por ocupantes de vivendas e locais distintos dos propietarios dos inmobles. Os devanditos propietarios terán a condición de substitutos do contribuínte. Os substitutos do contribuínte poderán repercutir as cotas das taxas sobre os beneficiarios.

### **ARTIGO 3. RESPONSABLES.**

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire a Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias das ditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometa unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometa unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) En supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendente na data do cesamento.

4. A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

### **ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.**

1.- Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

2.- Non obstante o disposto no apartado anterior, no artigo 5 desta ordenanza contéñense tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

### **ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.**

De conformidade co disposto na lexislación vixente, na determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xerais de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacer as cotas tributarias, bonificarase nun 75 por 100 a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares de 2-4 membros que non alcancen o 120% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 150% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

(\*) En aplicación do Real decreto – Lei 3/2004, a referencia ao IPREM vén determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.



Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida, así como calquera outro ingreso da unidade de convivencia. Esta bonificación unicamente poderá ter lugar para a que sexa a vivenda familiar habitual.

**Prazos:**

O prazo para solicitar a bonificación para todo o ano abarcará dende o 2 ata o 31 de xaneiro. Abrirase un segundo prazo(prórroga do anterior) dende o 1 ata o 15 de xullo para bonificacións do segundo semestre do ano.

**CONTÍA.**

1. A base do presente tributo virá determinada:

- Pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.
- A cota de consumo estará determinada polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada trimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate (cadro I).
- No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, establécese unha cota de consumo de 10 m<sup>3</sup> mensuais no caso de usos domésticos e de 30 m<sup>3</sup> mensuais no caso de usos industriais.
- No caso de usuarios domésticos, se a falta de medición se debe á carencia de contador, notificaráselle ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde o dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 m<sup>3</sup> mensuais.

2. No seguinte cadro I fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para cada uso (doméstico, industrial, obra menor (vivendas unifamiliares) e obra maior (edificios de varias plantas)).

CADRO I:

USO	COTA SERVIZOS (€/trimestre)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	13,54	0	30	0,1047
		31	45	0,1241
		46	60	0,6871
		61	99999	0,9169
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	35,74	0	30	0,1948
		31	90	0,2071
		91	300	0,7786
		301	500	0,9275
		501	1000	1,0046
		1001	99999	1,0889
INDUSTRIAL CATEGORÍA II	22,77	0	30	0,1948
		31	90	0,2033
		91	300	0,7499
		301	500	0,9275
		501	1000	1,0046
		1001	99999	1,0889
INDUSTRIAL CATEGORÍA III	24,40	0	30	0,1948
		31	90	0,2071
		91	300	0,7786
		301	500	0,9275
		501	1000	1,0046



		1001	99999	1,0889
<b>OBRA MENOR</b>	65,66	0	30	0,1948
		31	90	0,2071
		91	300	0,7786
		301	500	0,9275
		501	1000	1,0046
		1001	99999	1,0889
<b>OBRA MAIOR</b>	183,70	0	30	0,1948
		31	90	0,2071
		91	300	0,7786
		301	500	0,9275
		501	1000	1,0046
		1001	99999	1,0889

Dentro do uso industrial inclúense as seguintes categorías:

- Categoría I: nesta categoría engópanse comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, salóns de peiteado e negocios non incluídos nas categorías II e III.
- Categoría II: nesta categoría engópanse negocios relacionados coa hostalaría coma bares, restaurantes, establecementos hoteleiros, cines, residencias ou similares.
- Categoría III: nesta categoría engópanse talleres, concesionarios, gasolinerías, industrias, naves industriais ou similares.

Para os establecementos comerciais polo miúdo será de aplicación a tarifa para usos industriais categoría I, con carácter xeral, excepto que o consumo medio mensual non exceda de 10 metros cúbicos mensuais, neste caso pasarían a tributar pola tarifa de usos domésticos.

3. Por cada orelleira que facilite o servizo, pagarase unha soa vez e en concepto de alugamento a cantidade de **56,76 €** depositando unha fianza de **151,18 €** para responder do seu reintegro ao servizo.

4. Por cada acometida á rede xeral: a cota que resulte de multiplicar **30,27 €** polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais asentados no inmovible.

5. Por dereitos de enganche e colocación de contador, unha vez solicitada a alta como abonado **15,11 €**.

6. Por cada acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable na zona rural **527 €/vivenda**. No caso de solicitarse durante a execución da obra de instalación da rede xeral, aplicarase unha cota reducida de **250€/vivenda**.

#### **ARTIGO 6. NOTIFICACIÓNS DAS TAXAS.**

1. A débeda tributaria esixirase con carácter de autoliquidación no momento de darse de alta do servizo, con carácter previo á súa prestación.

Se a autoliquidación indicada no apartado anterior resultase incorrecta, practícarase liquidación complementaria.

2. No suposto de esixibilidade da taxa por prestación do servizo continua, practícarase notificación colectiva.

#### **ARTIGO 7. CONTADORES.**

1. Para outorgar novas pólizas de aboamento será indispensable que o usuario adquira o contador que, para cada caso, será dos tipos aprobados e verificados polas delegacións de Industria ou organismos competentes. O concello ou a empresa subministradora poderá dispoñer que, con carácter xeral, se instalen contadores nas vivendas e locais comerciais e industrias que carezan deles, baixo apercebimento



de que se poderán introducir tarifas especiais para o consumo a cada libro ou no seu defecto, procederase ao corte da subministración de auga.

Os contadores poderán ser indistintamente propiedade dos abonados ao servizo ou da empresa subministradora en réxime de aluguer.

A venda ou aluguer dos contadores, que realice a empresa subministradora realizarase de conformidade coas tarifas vixentes.

<b>Tarifas para contadores en réxime de aluguer:</b>	
<b>CALIBRE</b>	
Contadores de 13 mm	0,61 €/mes
Contadores de 15 mm	0,61 €/mes
Contadores de 20 mm	1,28 €/mes
Contadores de 25 mm	1,66 €/mes
Contadores de 30 mm	7,26 €/mes
Contadores de 40 mm	9,19 €/mes
Contadores de 50 mm	11,86 €/mes
Contadores de 65 mm	14,65 €/mes
Contadores de 80 mm	19,38 €/mes
Contadores de 100 mm	24,39 €/mes
Contadores de máis de 100 mm	36,07 €/mes
<b>Tarifas para venda de contadores:</b>	
Contadores de 13 mm	32,12 €
Contadores de 15 mm	50,41 €
Contadores de 20 mm	66,51 €
Contadores de 25 mm	114,48 €
Contadores de 30 mm	118,85 €
Contadores de 40 mm	247,89 €
Contadores de 50 mm	549,94 €
Contadores de 65 mm	680,78 €
Contadores de 80 mm	771,76 €
Contadores de 100 mm	947,19 €
Contadores de 150 mm	1.347,29 €
Contadores de 200 mm	2.504,19 €

Para os contadores de calibre maior a 65 mm a tarefa de colocación suporá un incremento no custo segundo orzamento, que facilitará a empresa concesionaria, e que correrá por conta do abonado. A empresa subministradora fixará e comunicará ao abonado a data de substitución dos contadores avariados. O abonado deberá comunicar se decidiu comprar o contador pola súa conta, en caso de que non exista esta comunicación do abonado a empresa subministradora entederá que o contador será subministrado por ela e instalado en réxime de aluguer.

2.- Nas acometidas destinadas a redes contra incendios será obrigatoria a colocación dun caudalímetro, que o abonado pode adquirir libremente nos lugares que considere oportuno. A empresa subministradora disporá de caudalímetros para a súa venda ou ben para súa colocación en réxime de aluguer. O custo do aluguer incluírase no recibo de subministración e aplicarase segundo as seguintes tarifas:

CADRO 1



Caudalímetro de 50 mm	30,23 €/mes
Caudalímetro de 65 mm	30,23 €/mes
Caudalímetro de 70 mm	30,23 €/mes
Caudalímetro de 80 mm	30,23 €/mes
Caudalímetro de 100 mm	37,80 €/mes
Caudalímetro de 125 mm	37,80 €/mes
Caudalímetro de 150 mm	37,80 €/mes
Caudalímetro de 200 mm	37,80 €/mes

Tarifa de venda de caudalímetros	
Caudalímetro de 50 mm	2.273,84 €
Caudalímetro de 65 mm	2.288,50 €
Caudalímetro de 80 mm	2.301,98 €
Caudalímetro de 100 mm	2.349,67 €
Caudalímetro de 125 mm	2.556,31 €
Caudalímetro de 150 mm	2.744,76 €

Será de obrigatoria instalación para as contrucións de nova creación. As instalacións existentes terán un prazo non superior a un ano para a colocación deste.

#### **ARTIGO 8.**

Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural capacitada legalmente para contratar, ou xurídica á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.

#### **ARTIGO 9.**

Os abonos para o servizo solicitaranse calquera que sexa o uso ao que se destinan, mediante a oportuna petición de alta e subscripción da póliza de abono, na que o interesado declarará ademais da filiación e domicilio, fin e uso ao que destinará a auga, fronte da vivenda, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretenda e concesión e instalación do aproveitamento. As peticións levarán implícito o compromiso do petionario a cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

Os contratos ou pólizas de abono serán facilitadas ou cubertas gratuitamente pola oficina do servizo.

#### **ARTIGO 10.**

1. Simultaneamente ás peticións de alta, deberán os interesados depositar na Caixa municipal o importe de 6 mensualidades da cota de servizo e da cota de consumo (10 metros cúbicos mensuais para os usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para os usos non domésticos) en concepto de fianza, a devolver no intre de causar baixa, sempre que estea ao corrente do pagamento dos recibos ao seu cargo por fornecemento de auga.

2. Excepciónanse os supostos nos que o cambio de titularidade sexa consecuencia do pasamento de abonado, sempre e cando o cambio se efectúe a favor dunha das persoas que convivisen co falecido; feito que deberá xustificarse mediante documentación que acredite a convivencia, expedida polo Concello.

#### **ARTIGO 11.**

O contrato terá vixencia durante o tempo que o abonado ocupe a vivenda á que a póliza se refire, quedando obrigado este a satisfacer o importe do consumo mínimo de auga da tarifa en que estea clasificado, aínda no caso de que o consumo mensual non alcanzara este mínimo.



#### **ARTIGO 12.**

Cada contrato de subministración de auga estará afecto a unha soa casa ou a unha soa vivenda. No caso de que o edificio constase de varias plantas, a cota esixible estará representado pola suma das cotas de servizo e cotas de consumo que correspondan separadamente a cada unha das plantas das que conste o inmovible, aínda que as leve en arrendamento e ocupen todas elas unha mesma familia.

#### **ARTIGO 13.**

Baixo ningún concepto poderá un abonado ampliar para outros usos que os estipulados na póliza de abono, especular na súa venda ou cesión e dispoñer de toda ou parte da que vén asignada ao seu domicilio ou industria a favor dun terceiro, nin facer variacións de ningunha clase na instalación, sen coñecemento do Concello.

#### **ARTIGO 14.**

Todos os abonados considéranse domiciliados neste Concello, suxeitos á xurisdición dos tribunais da demarcación xudicial na que está incluída este Concello.

#### **ARTIGO 15.**

Non se concederá alta a abonados que se trasladen de domicilio e non se atopen ao corrente no pagamento da auga que consumiran no domicilio anterior.

#### **ARTIGO 16.**

1. Nas vivendas que exista instalación de auga é obrigación do dono pasar aviso ao Concello das datas nas que quede desalugada e na que volva ser ocupada e deberá dispor do contrato de subministración para cada unha delas.

2. No caso das roturas dos precintos e dos incumprimentos do suposto anterior, o dono faise responsable, facéndolle aboar unha liquidación da contía da fraude, que incluírá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador do que dispoña a instalación ou no seu defecto o que regulamentariamente correspondese ás instalacións utilizadas para acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo que medie entre a data do último precintado ou data de adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas, e o momento en que emendase a existencia da fraude detectada, sen que poida extenderse, en total, a máis dun ano.

3. Do mesmo xeito será responsable subsidiario daqueles recibos que o inquilino non pague á Administración polas causas expostas expedíndoselle o cargo correspondente, pola totalidade.

### **TERMOS E XEITOS DE PAGAMENTO.**

#### **ARTIGO 17.**

A recadación do importe da auga farase trimestralmente, en xeral, mediante recibo, fóra do caso de fraude que se fará por actas de inspección.

#### **ARTIGO 18.**

O abonado poderá facer efectivo nun prazo límite de trinta días, contados a partir da presentación da facturación, os importes facturados pola empresa subministradora nas súas oficinas, nas caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos ou oficinas autorizadas pola empresa, ou ben a través da conta do abonado na entidade bancaria ou caixa de forros que para o efecto sinale. Igualmente, en casos excepcionais, o abonado poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou outro medio similar, sempre coa conformidade previa e expresa da empresa subministradora.

#### **ARTIGO 19.**

De non facer efectivo o recibo dentro dos trinta días da súa presentación, procederase á recarga con liquidación de xuros de demora correspondentes, sen prexuízo do corte de subministración e das restantes accións legais que procedan para facer efectiva a cantidade non satisfeita.



Transcorrido o prazo fixado, o Concello ou a empresa subministradora, poderá suspender a subministración de auga ao abonado que está en descuberto e retirarlle definitivamente o servizo, dándoo de baixa por falta de pagamento.

**ARTIGO 20.**

Tanto as altas coma as baixas de abonados liquidaranse por períodos dun mes, sen prexuízo de que a petición de alta ou baixa sexa atendida inmediatamente.

**ARTIGO 21.**

As reclamacións sobre a recadación por posibles erros de cálculo e outros motivos, efectuaranse na administración do servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presume que conteñan erro ou omisión.

**ARTIGO 22.**

No caso de traslado de domicilio do abonado este seguirá sendo responsable do importe do consumo de auga da vivenda que deixou, se non se dá de baixa coa antelación suficiente nas oficinas do servizo.

**ACOMETIDAS.**

**ARTIGO 23.**

O servizo de subministración de auga limitarase á zona que comprende a rede de distribución.

**ARTIGO 24.**

A concesión de novas tomas ou acometidas á rede farase mediante solicitude dos interesados e con acordo adoptado polo Concello e a empresa subministradora, co informe previo e liquidación do dereito desta.

Enténdese por acometida de abastecemento o tramo de encanamento coas súas claves de rexistro e de paso, que partindo da rede de distribución se estende ata a entrada principal do edificio ou inmovible, para o seu acoplamento á instalación particular.

**ARTIGO 25.**

As tomas ou acometidas que se soliciten para utilizar a auga da rede municipal, no caso de obter a licenza, deberán ser aboados os gastos polo interesado.

A contratación de acometidas, a súa instalación, conservación, renovación e manipulación serán competencia exclusiva da empresa subministradora, que realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do petionario.

A empresa subministradora confeccionará o orzamento para execución das obras de acometida conforme o cadro de prezos vixentes e aprobados polo Concello.

Unha vez posta en funcionamento pasará a instalación a ser propiedade do Concello.

**ARTIGO 26.**

Os donos de terreos que non contribuíran a sufragar os gastos de primeiro establecemento da rede xeral de auga nalgunha vía, cando soliciten levar a cabo a acometida para os seus inmovibles, estarán obrigados a satisfacer por cada entroncamento na rede o dobre do que tivesen satisfeito os donos que contribuíron á súa ampliación, como gastos de compensación para a instalación e conservación da rede.

**ARTIGO 27.**



Unha toma ou acometida servirá soamente para o terreo que fose pedido, sen que se permita estendela a varios, aínda estando contiguos e pertencendo ao mesmo dono, salvo conveniencias de distribución para o servizo, caso no que se faría a derivación fóra do terreo primitivo.

**ARTIGO 28.**

Se por venda ou outra causa se dividira a propiedade, os novos donos virán obrigados a executar unha toma independente para cada un.

**ARTIGO 29.**

Todo terreo abastecido terá na vía pública, e o máis achegado a ela, a chave ou chaves de paso convenientes para poder incomunicala co entubado xeral.

**ARTIGO 30.**

Os diámetros do entubado que se usan para as acometidas serán os establecidos pola Delegación de Industria e organismos competentes.

**ARTIGO 31.**

Serán de conta do dono as modificacións ou reformas que sexa preciso facer nas instalacións con motivo da instalacións ou por outra causa calquera, a xuízo do técnico do servizo.

**ARTIGO 32.**

Correrá a cargo do Concello, a conservación do tramo que vai desde o entubado xeral da toma ata o pé do parámetro exterior do muro do terreo. Corresponde ao dono coidar e amañar a súa instalación, dando conta á oficina do servizo de todas as avarías e deterioros que concorran, para que se dispoñan os debidos amaños, sempre por conta do dono.

### **INSTALACIÓNS INTERIORES.**

**ARTIGO 33.**

As instalacións interiores dos terreos serán efectuadas por un instalador debidamente autorizado pola Consellería de Industria de acordo co establecido na Orde do 9 de decembro de 1975 do Ministerio de Industria (B.O.E. Nº 11 de 12-1-76) e demais disposicións legais de aplicación.

**ARTIGO 34.**

É obrigación dos donos participar ao Concello a data na que comezan os traballos de instalación do servizo de augas no interior dos seus terreos e a data na que rematan as obras, co fin de que poidan ser inspeccionadas.

**ARTIGO 35.**

O Concello poderá esixir a recolocación dun contador por non estar en lugar adecuado.

**ARTIGO 36.**

Nos terreos que comprendan varias vivendas ou industrias e, por conseguinte, varios abonados, faranse as instalacións individuais a cada unha delas de xeito que os contadores se poidan colocar en arquetas adecuadas e todos xuntos en batería, e en lugar facilmente alcanzable do portal, patio, ou baixo do edificio, norma que se terá así mesmo en conta en caso de que sexa só un o abonado.

Se houbese dificultade na elección do sitio de emprazamento, o dono deberá solicitar á administración do servizo que lle sexa fixado o lugar de colocación.

**ARTIGO 37.**

Excepto no caso de forza maior, prohíbese curvar os tubos cando a curva que se teña que empregar teña menos de 10 cm de radio, utilizándose naqueles casos os correspondentes accesorios con obxecto



de evitar que, a causa da oxidación resultante de saltar a capa galvanizada, quede obstruído o tubo ou interrompida a circulación da auga.

**ARTIGO 38.**

O diámetro do entubado xeral destas instalacións será necesariamente igual ao da acometida, podendo diminuírse gradualmente segundo os servizos dos que deba fornecer.

Non se permitirán diámetros inferiores a 13 mm nos entubados de chumbo e a media polgada nos de ferro galvanizado, excepto no caso de tramos que deban alimentar unha cisterna ou aparato análogo.

**ARTIGO 39.**

As chaves de paso que se utilicen serán de bronce, modelo reforzado, do mesmo diámetro que os entubados onde van colocadas, e as que se coloquen antes dos contadores deberán ir perforadas nun dos ángulos da montura co obxecto de que poidan ser precintadas polo servizo.

**ARTIGO 40.**

Cando se instalen termosifóns ou calefacción a presión, é obrigatoria a colocación dunha válvula de retención antes dos depósitos ou caldeiras e no tubo de alimentación destas, co obxecto de evitar que a causa do peche na rede ou dun aumento de presións nos aparatos, a auga quente poida pasar aos entubados xerais de subministración, co conseguinte prexuízo para os contadores, depósitos e fervedorios do termo.

Recoméndase que en todos eles se coloquen válvulas de expansión co obxecto de evitar posibles explosións, sendo obrigatorio colocar en todos flotadores de regulación de nivel.

**ARTIGO 41.**

Nos edificios que, para evitar a falta de auga por avaría ou por corte da subministración, se instalen depósitos situados nos tellados ou terrazas, estes serán cubertos e ventilados e construíranse de cemento, fibrocemento ou similares, non debéndose utilizar nunca o chumbo ou cinc, polo perigo que significa para a formación de sales que contaminan a auga.

**ARTIGO 42.**

Nos casos en que, polo xeito de instalación destes depósitos, poida pasar a auga ao entubado xeral, pola falta de presión nela, instálase tamén unha válvula de retención á saída dos contadores, o mesmo que no caso previsto no art. 36.

**ARTIGO 43.**

O dono do terreo ou o concesionario ou abonado, no seu caso, farase responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores e moi especialmente dos aparatos contadores. Demostrada a súa negligencia no cumprimento destas normas, así como o abonado nas instalacións, deixando correr a auga innecesariamente, pola rotura destes, cisternas deterioradas, etc., privaráselles da subministración de auga, mentres non efectúe as oportunas rectificacións.

**ARTIGO 44.**

Todo concesionario ou abonado queda obrigado a admitir que a calquera hora hábil do día sexa visitada a súa instalación polos empregados municipais encargados deste cometido, sen que poidan opoñer ningún obstáculo a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se consideren procedentes.

A negativa do interesado a autorizar estas revisións será causa de abondo para retirarlle o servizo de auga, sen dereito a reclamación algunha.

**ARTIGO 45.**

Na dependencia correspondente estará exposto ao público un mostrario do material utilizado polo servizo, que cumpre as condicións impostas por estas ordenanzas.



**ARTIGO 46.**

O servizo municipal de augas resérvase a facultade de non empalmar coa rede de distribución as instalacións que non reúnan as condicións regulamentarias.

**ARTIGO 47.**

A Administración municipal resérvase o dereito de comprobar, cando o considere necesario ou oportuno, todo aparato contador se se considera un funcionamento dubidoso.

**ARTIGO 48.**

As conexións de contadores efectuaranse exclusivamente por persoal do servizo de augas, correndo os gastos a cargo do abonado segundo o cadro de prezos.

**ARTIGO 49.**

Os precintos colocados non poderán ser alterados con ningún pretexto polo abonado, xa que nese caso incorrerán na sanción que determina o ARTIGO 13 desta ordenanza.

**ARTIGO 50.**

Calquera fuga de auga medida polo contador será facturada ao abonado de acordo coas tarifas correspondentes. Se se tratase dunha fuga oculta, o abonado poderá solicitar da empresa subministradora a bonificación do 50% do importe facturado, e será postestativo deste último, analizadas as circunstancias de cada caso, proceder a esta bonificación, que non afectará á obrigaón inmediata de reparación da fuga, unha vez descuberta, por parte do abonado e á súa conta.

**ARTIGO 51.**

No caso de paralización dun contador ou deterioro tal que as súas indicacións non poidan servir de base a algo concreto, liquidarase o consumo de acordo a igual período do ano anterior. Se non existise este dato, tomarase a media aritmética dos seis meses anteriores.

Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media á que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinaranse con base á media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampouco isto fose posible, facturarase a cota de servizo correspondente e unha cota de consumo correspondente á actividade e equivalente a 10 metros cúbicos mensuais para os usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para os usos non domésticos.

A empresa subministradora disporá que o usuario repoña o contador amañado ou novo no prazo de trinta días. De non facelo instalarse un contador polo Concello, por conta do usuario.

**RESPONSABILIDADES POR INCUMPRIMENTO DESTA ORDENANZA.**

**ARTIGO 52.**

Ninguén poderá utilizar a auga sen ter formulado e subscrito a póliza de abonado. As infraccións serán cualificadas e sancionadas de acordo coa Lei xeral tributaria.

**ARTIGO 53.**

1. Fóra de caso de incendios, que poñerán en coñecemento da administración do servizo dentro das vinte e catro horas seguintes ao sinistro, baixo ningún pretexto poderán os abonados ou quen os represente:

- a) Empregar a auga para usos distintos dos estipulados na póliza de abono.
- b) Vender ou ceder a auga que lle subministre o Concello a favor dun terceiro.
- c) Deixar correr a auga sen necesidade.
- d) Abrir nin facer uso dos rexistros que pechan os aparatos de toma, chaves de paso, aforos ou outros servizos.



- e) Establecer ningún ramal entre a toma e o aparato que verifique o aforo, nin facer derivación da instalación para outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na póliza.

2. A contravención de calquera destes apartados dará lugar á aplicación do ARTIGO 17.2 da presente ordenanza.

**ARTIGO 54.**

As procedentes sancións son de carácter fiscal e imponse sen prexuízo das responsabilidades ás que houberse lugar pola aplicación das leis e regulamentos vixentes.

**ARTIGO 55.**

As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza que non se pudiesen facer efectivas no proceso da súa recadación darán lugar á suspensión e corte do servizo de auga, con baixa do interesado ata que non pague a súa débeda e unha cantidade igual a **35,54 €** en concepto de reposición, estando para a declaración de partidas incobrables, se é o caso, ás normas xerais de aplicación.

**DISPOSICIÓNS XERAIS.**

**ARTIGO 56.**

Non se permitirá aos particulares e empresas utilizar augas das fontes públicas para usos industriais e obras.

**ARTIGO 57.**

A empresa subministradora non se fai responsable por interrupcións involuntarias do servizo de subministración de augas, ou cando sexa necesario executar obras ou amaños na rede xeral de distribución, podendo cortar o fornecemento aos abonados, pero estes non teñen dereito a reclamación ningunha por este concepto.

**ARTIGO 58.**

Tampouco haberá dereito de indemnización cando se interrompa o servizo por consecuencia de escaseza, de calquera motivo de seca, xeadas ou calquera outra causa de forza maior.

**ARTIGO 59.**

En épocas de grandes secas, nas que puidese ser necesaria a restrición do consumo, comezará esta polos abonados coa tarifa industrial e todos aqueles que quedaron suxeitos ás medidas que creu oportuno adoptar o Concello.

**ARTIGO 60.**

Os danos ou prexuízos que se orixinen a terceiros por culpa do abonado, ben sexa por negligencia ou abandono do coidado que debe ter da instalación de auga, serán exclusivamente a conta deste.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.